


A AGRICULTURA DO FUTURO NAS TÚAS MANS



Lely Horizon

O seguinte paso no futuro da súa explotación é a predición. Dea un paso adiante na xestión da súa explotación con Lely Horizon e saque o máximo partido aos seus datos. Aproveite a información aplicando algoritmos intelixentes para predicir rendementos e obter opcións precisas de optimización da súa explotación. Consiga unha indicación clara e nunha fase precoz das vacas sospeitosas de padecer cetose e reciba consellos de tratamentos. Horizon está dispoñible en dous paquetes: Control e Advance. Comprobe cal se adapta mellor ás súas necesidades.

O seu Lely Center local daralle máis información sobre este fito no muxido.

GALICIA, ASTURIAS E CANTABRIA

AGROTEC ENTRECANALES SL - LELY CENTER OUTEIRO DE REI
Parque empresarial de Matela, P11A, nave 1
27150 Outeiro de Rei (Lugo)
Tfno. +34 671 646 745
loscorralesdebuelna@cor.lelycenter.com

CASTELA E LEÓN, MADRID E TOLEDO

TECNOLOGÍAS DE ORDEÑO SL - LELY CENTER ÁVILA
C/ Hornos Caleros, 29
05003 Ávila
Tfno. +34 920 254 116
avila@avi.lelycenter.com

PAÍS VASCO, NAVARRA E CATALUÑA

LELY IBÉRICA CSV SA - LELY CENTER IN AIZOAIN
Polígono Iruregaña, naves 5 e 6
31195 Aizoain (Navarra)
Tfno. +34 629 083 587
aizoain@aiz.lelycenter.com



PENAVAL FAI UNHA APOSTA FIRME POLA AUTOMATIZACIÓN CON LELY

A cooperativa lucense robotizou o sistema de muxido na procura da tranquilidade para o gando e a comodidade do persoal. Contan cunha área de tratamento separada, unha amamantadora e un robot arrimador



¡EN VÍDEO!



A Cooperativa Penaval (Lugo) apareceu no sector en 2011 e está formada por oito socios: José Luís Vázquez Novo, Ana Belén Devesa Fernández, José Manuel Vázquez Potente, Francisco José Vázquez Prado, Juan Manuel Arias Santa Eufemia, Marta Rodríguez González, Mari Carmen Vázquez Potente e Martín Ares Vázquez. A explotación conta cunhas 580 cabezas de gando. Teñen dúas naves principais, nunha atópanse as primíparas e noutra as múltiparas, con dous robots en cada unha delas. Hai unha terceira na que están 40 vacas secas, un lote de 20 animais preparto e outro de xovencas preñadas.

Empezaron cunha sala de muxido traeseiro, pero, tras unha década traballando con ela, quedaba pequena. “Viamos a necesidade de ter un terceiro muxido, xa que

as camas estaban moi molladas de leite”, apunta Vázquez Novo. Outro dos motivos do cambio foi “mellorar a calidade de vida, xa que o robot che achega unhas condicións que a sala non ten”, engade. Despois de varios meses traballando co sistema robotizado, Vázquez Prado destaca que “as vacas están máis tranquilas, están a esperar a muxirse e gustounos moito o sistema de tráfico libre. Á xente de Lely gustoulle este proxecto, pois a nós moito máis”.

FOSO PARA OS TRATAMENTOS

En Penaval instaláronse catro robots Lely Astronaut A5 co obxectivo de lograr un maior *cow comfort*. Para iso, buscaron unha boa luminosidade da zona e amplitude, para que as vacas se manexen con total liberdade. Os robots situáronse na antiga sala de muxido con áreas de separación, nas que instalaron

fosos para os tratamentos dos animais. Desta forma, sepáranos co fin de que os gandeiros interveñan cando chegan á cuadra, e, a través dos corredores, as vacas poden acceder a unha área con cubículos ou a outra con cama quente. A Farm Management Specialists de Lely Yolanda Trillo explica que “no noso sistema non recomendamos pór as áreas de tratamentos no robot; sempre tratamos de telas nunha área de separación. Se facemos os toques na zona de muxido, pode haber inconvenientes de manexo e que as vacas teñan unha experiencia negativa, o que pode levar a que despois haxa rexeitamentos de entradas ao robot”.

Na instalación do sistema robotizado déronlles importancia á ventilación e ao acceso do gandeiro cara ao robot, que sexa cómodo e práctico para facilitarlle o traballo.



ROBOTIZACIÓN DE MÁIS ÁREAS

Nesta explotación lucense tamén automatizaron outros sistemas nas instalacións. Colocaron a amamentadora Lely Calm, que conta con catro parques onde está a recría. Son espazos con confort, xa que teñen boas camas, ventilación e son fáciles de limpar. Desde a firma consideran importantes as melloras nesta área, xa que “é onde empeza todo”, afirma Yolanda Trillo. Ademais, na alimentación incorporaron o robot arrimador.

DESEÑO ADAPTADO ÁS INSTALACIÓNS

Maite Antelo, do Departamento Técnico de Lely, foi a encargada de coordinar o proxecto en Penaval. “O primeiro que facemos en todas as instalacións é coñecerlas. Desde ese momento amosámoslle varios deseños de implementación ao gandeiro e, unha vez que temos todo claro, coordinamos cos contratistas, electricistas, fontaneiros e co propio Departamento Técnico da nosa empresa para levar a cabo o traballo”, explica. Nesta explotación tiveron



que adaptarse á estrutura que xa había para colocar os robots. “Nesta granxa partimos de que hai dous lotes diferenciados, polo que se puxeron dous robots de forma simétrica. Ademais, primamos que haxa moita amplitude para que as vacas se manexen con total liberdade”, puntualiza Antelo.



Maite Antelo (Departamento Técnico) e Yolanda Trillo (FMS)

O ASESORAMENTO, CLAVE TRAS A INSTALACIÓN DOS ROBOTS

Desde Lely ofrecen un servizo tras a instalación dos robots. En Galicia, a encargada de levalo a cabo é Yolanda Trillo.

“Unha vez que temos instaurados os parámetros, axustes de ordeño, táboas de alimentación e demais, encárgome de traballar cos asesores para poder continuar co manexo no robot e levar a

granxa ao seu máximo potencial”. Desde a empresa consideran importante manter este contacto coas explotacións para que os gandeiros poidan resolver as dúbidas que xurdan ao traballar cos robots: “Unha vez que está implantado o robot, o gandeiro xa leva unhas semanas traballando con el e xa sabe como meter os datos, entón poden xurdir esas pequenas dúbidas que anteriormente non quedaron resoltas. O gandeiro chámame e eu paso pola granxa, reviso os datos e vemos sempre como podemos mellorar os datos actuais”, explica Trillo.

O comercial de Lely Juan Alonso afirma que “nos gusta traballar e facer os proxectos adaptados aos clientes e ás súas necesidades”. Explica que en Penaval “interviñeron todos os factores. O primeiro que fixemos foi coñecer a explotación e así poder deseñar un proxecto óptimo coa nosa coordinadora Maite Antelo”. Ademais disto, que o gandeiro coñeza o manexo da súa granxa tras a instalación dos robots é fundamental para Lely. ■